

O XOGADOR E A FILLA DO DEMO

Dunha vez era un home que tiña un gran capital mais, como era moi xogador, perdeuno todo e, cando só lle quedaban na casa mil pesetas, foi e dixo para contra si:

—Pois, para mil pesetas que me quedan, vouñas xogar tamén a ver se gaño outras mil.

E perdeunas o mesmo que as outras.

O home, de tan relaxado como estaba, foi e pediulle a Deus que se lle presentase o demo e que lle dese unha baralla para gañar sempre con ela.

E o demo presentóuselle e díxolle:

—Toma esta baralla e vai xogar, que sempre que xogues has ganar. Só que ao fin de cinco anos tesme que ir facer unha visita.

Ao cabo dos cinco anos, o home, con moita pena, púxose ao camiño para lle ir facer a visita ao demo. e ía chorando.

E foi entón e saíulle unha señora e faláron:

—¿Para onde vas que tanto choras?

—¡Non hei chorar! ¡Se lle vendín a alma ao demo. e agora voulla entregar!

E díxolle a señora:

—No teu camiño has encontrar un río, e ao río han chegar catro pombas brancas que se espirán das súas prumas. Son catro mozas que se van bañar ao río. Ti, fíxate na máis branca e, cando estean todas na auga, vai e cólleslle a roupa, escóndella e non lla deas ata que marchen as tres outras irmás.

Aconteceu tal e como a señora dixera e, cando marcharon as outras tres irmás, a que quedaba díxolle ao xogador:

—¡Vólveme a miña roupa!

—Se me non libras de lle dar a miña alma ao demo, non cha dou.

—Vólvema, que eu heite librar de calquera promesa que fixeras.

Despois foi el onda o demo, que lle falou:

—Se fas as tres cousas que eu che mande, quedas libre. A primeira é ir plantar agora unha viña, quitarlle deseguida as uvas e traerme o viño para o xantar das doce.

O xogador foise chorando onda a moza, que se chamaba Brancaflor, e contoulle o que lle pasaba.

E díxolle ela:

—Vai durmir e non teñas pena.

Non ben adormecera, espertouno Brancaflor e faloulle:

—Toma o viño e lévao.

O demo viu o viño e púxoselle ao xogador:

—Desta estás libre mais, ¡imnos ver como te libras da outra! Agora mesmo vas sementar o trigo, régalo, mállalo e tráesme o pan para xantar ás doce.

O xogador foise chorando onda Brancaflor, que lle dixo:

—Déitate, durme e agarda.

E de alí a pouco veu co pan e o home levoullo ao demo.

O demo mirou para o pan e faloulle:

—Desta tamén libraches, ¡mais imos ver como libras da terceira! Vas ir ao fondo do mar para traerme o anel da miña tataravoa.

E o xogador volveu ir chorando onda Brancaflor.

E díxolle ela:

—Agarra esta barreña, pícame en talladas e bótame ao mar. ¡Ten coidado despois, cando suba para arriba! Se che berro tres veces e ti non me contestas, ¡estamos os dous perdidos!

Fixo el como ela lle ordenara mais, cando volveu para enriba, aos dous primeiros berros non lle contestou e só lle respondeu ao terceiro.

E díxolle ela:

—Pensei que xa quedaras durmido. Toma o anel e lévao.

O demo mirou para o anel e faloulle:

—O que te salvou a ti foi a Brancaflor, que é a miña filla.

E quedou rosmando.

Mais o xogador e a Brancaflor ordenaron de casar e de durmir xuntos aquela mesma noite.

E o demo, que o soubo, pensou en matalos aos dous. Mais coma Brancaflor o adiviñou, encheu de cuspe o cuarto en que se ía deitar co seu mozo. E ela e o seu mozo fuxiron.

Chegada a noite, o demo falaba coa Brancaflor e o cuspe respondíalle e el coidaba que estaba dentro.

E ala polas dúas ou tres da mañá, foi e soltou unha roda de navallas barbeiras sobre a cama en que habían durmir os dous, mais, como non estaban, non os mataron e, cando foi o demo ver se xa estaban mortos, viu que non había ninguén na cama e

enrabexouse moito e marchou contarlle o que pasara á súa muller.

E díxolle a muller.

—¡Colle un cabalo e corre atrás deles!

Porque o demo tiña tres cabalos. Un corría coma a vista, outro corría coma o pensamento e o terceiro aínda corría máis. O que corría coma o pensamento levárono Brancaflor e o seu noivo, e o demo colleu o que corría máis e botou atrás deles.

A Brancaflor e o seu noivo xa chegaran a moita distancia cando foi ela e dixo:

—Alá vén meu pai. ¡Estamos perdidos!

E foi e volveuse parra e as uvas, e o cabalo a lata, e o xogador púxose a vender uvas.

Cando chegou o demo preguntoulle ao que vendía as uvas e faláron:

—¿Viu pasar por aquí a un señorito e unha señorita de a cabalo?

—¿Quere uvas? ¡Sonlle boas! ¡A can son as uvas! ¡A can!

—¡Váíase fastidiar!

E o demo marchou para casa e ao chegar díxollo á súa muller.

—¡Ah, lapón! ¡A lata era o cabalo, a parra coas uvas a Brancaflor e o home o seu noivo! ¡Corre a ver se aínda os colles!

E o demo volveu correr.

Eles seguiron caminando algún tempo mais, de pronto, dixo a Brancaflor:

—Alá volve vir meu pai.

E foi e volveuse igrexa, e o cabalo os santos e o home púxose a tocar á misa.

Cando chegou o demo preguntoulle ao que tocaba a misa e faláron.

—¿Veu por aquí un señorito e unha señorita de a cabalo?

—¡Tocan a misa, tocan a misa que xa é moi tarde!

—¡Váíase fastidiar!

E o demo marchou para a casa e ao chegar díxollo á súa muller.

—¡Ah, lapón! A igrexa era a Brancaflor, os santos o cabalo o que tocaba a misa era o noivo da Brancaflor! ¡Corre a ver se aínda os colles!

E o demo volveu correr.

Mais, daquela, Brancaflor volveuse un brazo de mar e o demo non o puido pasar e marchou para a casa e xa non os perseguiu mais.

E, do outro lado do brazo de mar estaba a casa do xogador, e foi el e díxolle á súa moza:

—Vou ir á miña casa e volvo axiña.

—Vai, pero non te deixes abrazar por ninguén, ¡porque se alguén te abraza,

esquéceme!

E cando entrou na casa abrazouse a el unha cadela e esqueceuna, e ordenou casar cunha moza do lugar.

Entón a Brancaflor fíxose costureira e foi coser ao lugar do seu noivo e todos os mozos dicían que en tal casa había unha costureira moi bonita.

E foron dous mozos e o xogador e pretenderen durmir con ela.

E foi un e ela díxolle que si, e cando se ían deitar mandouno baleirar un ouriñal cheo de mexos e pasou toda a noite baleirando no ouriñal e non puido durmir con ela.

E pola mañá preguntáronlle os outros:

—¿Seica pasaches boa noite? ¿Que tal se dorme con ela?

—Moi ben, moi ben.

E marchou.

Na noite seguinte foi o outro e, cando se ían deitar, mandouno que se lavase nunha palangana e pasou toda a noite lavándose.

E pola mañá preguntoulle o que quedaba, que era o xogador:

—¿Seica pasaches boa noite? ¿Que tal se dorme con ela?

—Moi ben, moi ben.

E marchou.

E aquela noite foi o xogador e, cando se ían deitar, mandoulle ela que pechase a porta e el estivo toda a noite pechando e abrindo na porta deica a maná.

E para o outro día era o casamento do xogador e convidaron a Brancaflor, que levou un cabaliño. E o cabaliño dáballe nas pernas ao xogador, que preguntou:

—¿Que é isto que me anda batendo nas pernas?

E a Brancaflor falou entón:

—Aquí, cando se compra unha vaca e despois se compra outra, ¿cal é a que vale máis, a primeira ou a segunda?

E respondeu o xogador:

—A primeira.

E naquel intre acordouse de que aquela era a súa muller e dixo:

—Esta é a miña muller, porque é a primeira e foi a que me salvou.

E marchou con ela.